

## ANEXO I ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu/súa medico/a ou pediatra.

<i>Presentou nos últimos días?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<i>CONVIVIU</i> nos últimos 10días?	cunha persoa Covid-19 + confirmado?		

## CONSENTIMENTO PARA A CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

SI/NON (*risque o que non proceda*) autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) que actuarán basicamente a través do centro educativo no que se atopa matriculado o/a menor **COLEXIO PLURILINGÜE SANTA TERESA DE JESÚS** e dos equipos e do persoal asignados á atención sanitaria que proceda, para que se cedan reciprocamente os datos que fosen recollidos por cada unha destas entidades no exercicio das funcións que teñen encomendadas e no ámbito das súas respectivas competencias que se refiran a(NOME DO ALUMNO)....., de quen posúo a representación/titoría legal. A cesión autorízase coa finalidade de garantir a plena inclusión educativa baixo o principio de normalización e atención integral que permite o benestar tanto físico como psicosomático e emocional tanto desde a función educativa e orientadora coma desde a atención á saúde desde a perspectiva comunitaria no contexto da emerxencia sanitaria derivada da Covid-19. En todo caso, garantírase a salvagarda do interese superior do menor, tal e como se establece na normativa vixente e preservando as situacións de risco e urxencia vital.

En caso de non autorizar a devandita cesión de datos recíproca, responsabilízome de dar traslado de toda a información á que se refire o apartado anterior segundo os criterios técnicos establecidos pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e polo SERGAS.

SI/NON (*risque o que non proceda*) Autorizo a consulta e coñecemento do persoal docente e non docente do centro dos datos recollidos no Documento de Adaptación Específico de Medidas de Seguridade que sexan necesarios para manter o control hixiénico-sanitario e epidemiolóxico no marco da emerxencia sanitaria no centro educativo.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, todo iso de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais> .

....., ..... de ..... de .....

Asdo Pai/Nai-Titor/a.....

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,  
con DNI número \_\_\_\_\_, como pai/nai/titor legal do alumno/a  
\_\_\_\_\_, matriculado no curso  
\_\_\_\_\_, do centro educativo **COLEXIO PLURILINGÜE SANTA TERESA DE JESÚS**

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS de  
ensino non universitario DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a  
enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON  
envialo/a ao centro e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas  
indicacións en caso presentar cando menos un síntomas previstos. De igual  
xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso  
de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de  
Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os  
servizos sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias ao  
EquipoCovid do centro.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

Asdo Pai/Nai-Titor/a \_\_\_\_\_